

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA


da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

22 de febreiro de 2018

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e sete minutos do día vinte e dous de febreiro de dous mil dezoito; baixo a presidencia da Excmo. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, SR. DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SRA. DONA MARÍA VICTORIA ESTEBAN RIESCO, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, que xustificou a súa ausencia. Abandona o salón de sesións unha vez que se produce a renuncia ao seu cargo de concelleiro, DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ. Auséntanse do salón de sesións durante o debate do asunto número 8/17 DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO e durante o debate do asunto 10/19 DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: 18extractoap02

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 22-2-2018

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/10 APROBACIÓN DA ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE OUTUBRO E 30 DE NOVEMBRO DE 2017.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 26 de outubro de 2017, coa rectificación da numeración do acordo indicado, de xeito que onde di "19/211" debe dicir "19/208".

SEGUNDO.- Aprobar nos seus propios termos a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 30 de novembro de 2017.

2/11 ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO FORMULADA POR DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, E DECLARACIÓN DE VACANTE NA CORPORACIÓN MUNICIPAL.- O Excmo. Concello Pleno, ACORDA:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro presentada por **DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ**.

SEGUNDO.- Declarar a vacante na Corporación Municipal de Lugo e solicitar da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor do/da correspondente substituto/a da candidatura de Lugonovo (candidato/a seguinte da lista presentada polo referido partido nas eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015), segundo o previsto no artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Abandona a sesión DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ.

A) PARTE RESOLUTIVA

PROPOSICIÓNS

3/12 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ALTERNATIVA CIDADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA), NÚMERO 37/2018 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO Á FOLGA FEMINISTA CONVOCADA PARA O 8 DE MARZO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo

Mixto (Alternativa Cidadá de Esquerdas-Esquerda Unida) e, en consecuencia,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Sumarse co seu apoio á xornada convocada pola Coordinadora Feminista para o próximo 8 de Marzo.

SEGUNDO.- Facilitar a participación de todas as traballadoras e traballadores do Concello de Lugo nas actividades e mobilizacións que se celebren.

TERCEIRO.- Instar á Concellería de Igualdade e Benestar a que desenvolva un programa para difundir os obxectivos desta xornada en coordinación cos colectivos e entidades de mulleres do noso ámbito local o territorial y en consonancia cos criterios comúns establecidos pola comisión coordinadora da folga feminista do 8M e publicados en <http://hacialahuelgafeminista.org/>.


4/13 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 42/2018 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO Á FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- O Concello de Lugo apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

SEGUNDO.- O Concello de Lugo realizará un chamamento a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.

5/14 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 51/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DOTAR DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E REDE DE SUMIDOIROS ÁS VIVENDAS E NAVES INDUSTRIAIS DA RÚA MIÑATO, CAMIÑO DAS REGAS E CORTIÑA DO MONTE.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA** instar ao Goberno Municipal a que deseñe e constrúa as canalizacións necesarias para dotar de abastecemento de auga potable e rede de sumidoiros, ás vivendas e naves industriais situadas na rúa Miñato, Camiño das Regas e Cortiña do Monte e no seu entorno máis cercano.

6/15 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 52/2018 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUN ÓRGANO INDEPENDENCIA PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS ESPECIAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** que, previo informe técnico e xurídico a cerca da idoneidade e necesidade da súa creación, do custe para as arcas municipais e do posible procedemento para o nomeamento dos



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: 18extractoap02

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 22-2-2018

seus membros, se cree un órgano especializado e funcionalmente independente, que ostente a competencia para resolver os recursos especiais en materia de contratación.

7/16 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ALTERNATIVA CIDADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA), NÚMERO 60/2018 DE REXISTRO DE PLENO, REFERENTE Á ACTUACIÓN DO CONCELLO DE LUGO COMO ACUSACIÓN POPULAR PARA EVITAR A INDEFENSIÓN DAS VÍTIMAS DA TRAMA DE TRÁFICO E EXPLOTACIÓN SEXUAL INSTRUÍDA NA “OPERACIÓN CARIOCA”.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitar a antedita proposición.

8/17 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 64/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO COMO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía en Lugo.

SEGUNDO.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas de Lugo o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.

TERCEIRO.- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

9/18 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 65/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O FOMENTO DO COCHE ELÉCTRICO NA CIDADE DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno municipal a estudar a implantación de novos puntos de recarga públicos para vehículos eléctricos na cidade de Lugo.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno municipal a que estes puntos de recarga dispoñan de alimentación fotovoltaica cando normativa urbanística do lugar onde se ubique así o permita.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno municipal a chegar a acordos coa empresa concesionaria dos aparcadoiros públicos municipais para dotalos de puntos de recarga para vehículos eléctricos.

CUARTO.- Instar ao Goberno municipal a permitir o estacionamento gratuíto en todas as zonas de estacionamento regulado (zona azul) a todos os vehículos con tarxeta *zero emisións* outorgada pola Dirección Xeral de Tráfico, se finalmente se pon de novo en funcionamento o sistema ORA, modificando a Ordenanza municipal ao respecto.

QUINTO.- Instar ao Goberno municipal a estudar a posibilidade legal e técnica de modificar as Ordenanzas municipais para que se obrigue a cada edificio de nova construción a que dispoña da infraestrutura básica necesaria que posibilite a recarga de coches eléctricos.

SEXTO.- Instar ao Goberno municipal a estudar a posibilidade de bonificar nas Ordenanzas Fiscais municipais, a través do imposto de construcións, instalacións e obras, a posta en marcha de sistemas de recarga de vehículos eléctricos.

SÉTIMO.- Instar ao Goberno municipal a substituír progresivamente os vehículos de motor de combustión do parque móbil municipal por vehículos eléctricos a medida que se renove a flota actual nos distintos servizos (Policía Local, Parque Móbil, Obras ou Autobuses urbanos).

10/19 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 66/2018 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á SINATURA DUN CONVENIO PARA O ASESORAMENTO, INFORMACIÓN, RECOLLIDA E RECOLOCACIÓN DE ANIMAIS EXÓTICOS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitar a antedita proposición.

NOTA: O seguinte asunto (11/20) foi debatido conxuntamente cos puntos 3/12 e 4/13, momento no que se produciron as intervencións e se levaron a cabo as votacións. Non obstante, por razóns de sistemática, incorpórase a presente acta no lugar que figuraba na orde do día.

11/20 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 67/2018 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Concello de Lugo a:

- Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación corresponsable.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: 18extractoap02

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 22-2-2018

- Poñer en valor e dar visibilización a contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron o desenvolvemento cultural, económico e social de Lugo.

- Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.

- Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración coa Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Instar, así mesmo, ao Concello de Lugo a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

- Continuar e mellorar as liñas de axuda para as Entidades Locais en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da Igualdade de Xénero.

- Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.

- Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade en particular.

12/21 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 68/2018 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO APOIO Á BANCA ÉTICA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal de Lugonovo e, en consecuencia, **ACORDA** que o Concello de Lugo amose o seu apoio a este modelo de intermediación financeira, utilizando, para aqueles proxectos do seu ámbito competencial que estime oportunos, os servizos que ofrece a Banca Ética e desenvolvendo un labor de sensibilización entre a cidadanía mediante xornadas, sesións de formación, campañas de difusión, etc para dar a coñecer a súa implicación coa mesma.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

13/22 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2018, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

TESOURERÍA

14/23 **DEUSE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE MOROSIDADE, 4º TRIMESTRE 2017.**

ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS:

A) DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 62/2018 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO SOBRE A BANDA DE MÚSICA.

MOCIÓN DE URXENCIA

15/24 **MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 69/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DEFENDER O SERVIZO DE CORREOS DE LUGO.-** O Excmo. Concello Pleno, pola unanimidade dos vinte e tres membros presentes na sesión, aproba a moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- O Pleno Municipal do Concello de Lugo postúlase en contra deste novo recorte de persoal no servizo de Correos no que atinxe ao municipio de Lugo, e solicítalle ao Ministerio de Fomento e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos as xestións precisas e inmediatas para o mantemento do número de traballadoras e traballadores no concello de Lugo.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Fomento e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos.

16/25 **MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MIXTO (ALTERNATIVA CIDADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA), NÚMERO 71/2018 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA XUSTIZA DE GALICIA.-** O Excmo. Concello Pleno aproba a moción presentada polo Grupo Mixto (Alternativa Cidadá de Esquerdas-Esquerda Unida) e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Amosar a súa solidariedade cos cadros de persoal dos xulgados galegos e do municipio na loita polos seus dereitos e por unha administración de xustiza con recursos para a súa eficiencia.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: 18extractoap02

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 22-2-2018

SEGUNDO.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a establecer unha canle seria de negociación coa representación sindical dos traballadores e traballadoras da xustiza de Galicia.

TERCEIRO.- Denunciar a situación de marxinalidade e discriminación que sofren os traballadores e traballadoras de xustiza de Galicia en canto a: equiparación de baixas médicas con xuíces, letrados xudiciais e fiscais; a non devolución de partidas salariais recortadas entre os exercicios 2013 e 2016; creación de prazas ocupadas por funcionarios de reforzo; uniformidade salarial entre persoal fixo e substituto; e discriminación salarial con respecto a funcionarios do sector noutras comunidades.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia a reverter as externalizacións na administración de xustiza (os orzamentos autonómicos creceron dos 3 aos 11 millóns de euros para estes fins en menos de 5 anos) e dotar aos xulgados dos recursos persoais e materiais necesarios para a correcta administración da xustiza, que é un dereito de toda a cidadanía.

